

# BASES II CERTAME
# COREOGRAFÍATE

ORGANIZA as.pg ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA    COLABORA Deputación DA CORUÑA

## I. ORGANIZACIÓN

O Certame Coreografíate da AS-PG é un evento organizado e xestionado pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega nun apoio á música realizada en galego como forma de comunicación e divulgación da lingua e música galega.
As coreografías gañadoras daranse a coñecer no enderezo:
http://bitaculas.as-pg.gal

## II. TEMÁTICA

As coreografías deberán ser realizadas tomando como base un tema musical en galego do xénero que sexa.
No vídeo enviado deberá constar o título e o grupo creador dese tema.

## III. NORMAS DE PARTICIPACIÓN

**1.** Os vídeos poderán enviarse por wetransfer a través desta ligazón.
O formato de exportación debe ser preferentemente .mp4, .mov ou .avi.
No caso de ser en DVD deberán enviarse ou presentarse no enderezo:

**Asociación Socio-Pedagóxica Galega**
**Coreografíate**
**Rúa Laracha, 9 baixo**
**15010 A Coruña**

**2.** Prazo: os vídeos deberán ser recepcionadas na AS-PG antes das 14 horas do 13 de novembro de 2023.
**3.** Cada participante poderá presentar un máximo de tres obras na categoría Xeral. Na categoría Centros de Ensino, o número máximo será de seis obras por centro educativo.
**4.** O material enviado ao inscribirse non será devolto.
**5.** Os vídeos participantes poderán ser difundidos a través da páxina web da AS-PG e das súas redes sociais.
**6.** As gravacións nas que aparezan menores de idade, terán que ir acompañadas do permiso dos e das responsables legais de ditas persoas menores de idade.

## IV. CATEGORÍAS

**1.** Categoría xeral Mellor Coreografía.
**2.** Categoría Mellor Coreografía Centros de Ensino.

## V. PREMIOS

**1.** Categoría **xeral**
– Premio á Mellor Coreografía dotado de 300€.
– 2º Premio dotado con 200€ + Diploma.
**2.** Categoría **Centros de Ensino**
– 1º Premio, dotado cun lote de Cds, 200€ e Diploma.
– 2º Premio, dotado cun lote de Cds, 150€ + Diploma.

## VI. INSCRICIÓN

Os/As participantes deberán enviar a seguinte documentación:
* Ficha de inscrición con todos os campos cubertos. No caso de presentar máis dunha coreografía deberanse enviar tantas fichas como obras.
* Na Categoría Xeral: DNI da persoa responsable
* Na Categoría Centros de ensino, fotocopia do DNI do director ou directora do centro.

A AS-PG, como entidade organizadora deste evento, nomeará un xurado que designará os traballos gañadores.

Calquera cuestión referida á interpretación e aclaración das bases corresponde á Organización, non cabendo contra ela ningunha reclamación.

O ditame do xurado é inapelable.

## IX. RESPONSABILIDADE

A persoa representante da coreografía será a única responsable legal da mesma.

A participación neste certame supón a aceptación plena destas bases.